

## COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

### ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 9 DE ABRIL DE 2014

Acórdase por asentimento:

(i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da Comisión Permanente do día 4 de abril de 2014. Na acta do 9 de abril se deixa constancia dunha precisión formulada pola Prof.<sup>a</sup> Dra. Ana M.<sup>a</sup> Tobío Rivas sobre o contido da acta da reunión da comisión de 13 de xuño de 2012 recollido no informe achegado como anexo á acta do 4 de abril de 2014.

(ii) Rectificar o acordo adoptado na reunión do 24 de marzo de 2014 sobre o cambio de cuadrimestre nas materias Dereito Internacional Público e Dereito Administrativo I do novo plan de estudos do Grao en Dereito para o curso académico 2014-2015 e, polo tanto, deixar as materias Dereito Internacional Público e Dereito Administrativo I do devandito plan no cuadrimestre que inicialmente estaban.

(iii) Fixar como data límite para a solicitude de presentación pública e avaliación do Traballo de Fin de Grao na convocatoria de xullo o día 8 de xuño de 2014 ás 14:00 h, en exercicio da competencia que lle atribúe o artigo 7.6 do Regulamento para a elaboración do traballo de Fin de Grao en Dereito.

Ourense, 9 de abril de 2014

Decanato  
Facultade de Dereito


A secretaria

Universidade de Vigo

Marta Fernández Prieto

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 9 de abril de 2014 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 10 de abril de 2014.

A SECRETARIA



Marta Fernández Prieto